

GUÍA DE VOLUNTARIADO

sempre cerca das persoas

Contribúe
a fomentar a
autonomía das
persoas con
discapacidade.







ÍNDICE

Introdución	4
Lexislación	6
Axentes implicados	8
Dereitos e deberes das persoas voluntarias e da entidade	10
Dereitos das persoas voluntarias	10
Deberes das persoas voluntarias	11
Deberes da entidade	11
Que non se considera acción voluntaria?	12
Programas de acción voluntaria desenvolvidos dende COGAMI	15
Acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade	15
Sensibilización e concienciación en temas de discapacidade	15
Formación	15
Como facerte voluntaria/o en COGAMI	16

INTRODUCCIÓN





Fai voluntariado!

A Rede de Voluntariado de COGAMI, formada por un conxunto de asociacións dende finais do ano 2001, nace da necesidade de promover a participación da sociedade nos asuntos de interese xeral, poñendo o foco na erradicación das situacións de discriminación.

Dende COGAMI desenvólvense distintos programas de acción voluntaria, destinados a potenciar as capacidades das persoas. Deste

xeito, foméntase a autonomía e independencia das persoas con discapacidade a través da participación activa.

Estes programas consisten na realización de acompañamentos, tanto dentro como fóra do domicilio, actividades de lecer, apoio en actividades de rehabilitación, apoio educativo, reforzo de habilidades sociais, sensibilización, concienciación, etc.

LEXISLACIÓN

A nivel estatal, a Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado, é a lei que rexe todos os aspectos referidos a este ámbito, nembargantes, en Galicia temos a nosa propia lexislación sobre este eido, onde o concepto de voluntariado é entendido como acción voluntaria.

A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, refírese á acción voluntaria como aquela realizada por persoas, maiores de 18 anos (ou maiores de 16 con autorización das persoas proxenitoras ou titoras legais), como resultado da súa participación social, organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral, por medio de entidades de acción voluntaria, reunindo as seguintes condicións:

1. Que sexa unha decisión libre.
2. Que a acción voluntaria sexa executada fóra do ámbito laboral, así como de calquera outra actividade retribuída.

3. Que non exista ningunha contraprestación económica, sen prexuízo do dereito a reembolso por calquera gasto ocasionado.

4. Que as actividades de acción voluntaria sexan promovidas polas entidades de acción voluntaria, ou no seu caso, polas administracións públicas de Galicia.

Esta Lei recolle o termo de voluntariado corporativo, ou acción voluntaria corporativa, pola cal se refire a aquela que é promovida polas empresas, mediante a adscrición de traballadoras e traballadores das mesmas, que contribúen á realización de programas ou proxectos de acción voluntaria nas mesmas condicións que as anteriormente mencionadas a través de entidades de acción voluntaria preexistentes ou de nova creación.



AXENTES IMPLICADOS

Na acción voluntaria existen principalmente dous axentes implicados, que promoven e realizan a acción.



Nembargantes, poden ser tamén persoas voluntarias aquelas que, sen estar adscritas a entidades de acción voluntaria, participen en programas de voluntariado das administracións

1

Por unha banda, as **entidades de acción voluntaria**, as cales poden ser entidades de ámbito tanto público coma privado, con personalidade xurídica propia, que realizan programas específicos con relación a actividades de interese xeral. Estas actividades de interese xeral son as actividades referidas a todos aqueles sectores da vida política, económica, cultural e social que contribúen á mellora da calidade de vida das persoas e o seu benestar.

2

Por outra banda, as **persoas voluntarias**, que en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta, sen ningunha relación laboral, remunerada ou mercantil, participen en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria.



DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS VOLUNTARIAS E DA ENTIDADE



1 AS PERSOAS VOLUNTARIAS TEÑEN DEREITO A:

Ser tratadas sen discriminación

Ser informadas e formadas

Dispoñer de acreditación identificativa

Recibir asesoramento e apoio técnico por parte das entidades


Participar activamente na entidade de acción voluntaria na que se integren

Estar aseguradas mediante póliza

Ser reembolsadas e compensadas polos gastos realizados

Recibir unha certificación da súa participación

Renunciar libremente, previo aviso, á súa condición de persoa voluntaria



2 AS PERSOAS VOLUNTARIAS ESTÁN OBRIGADAS A:

- Observar as medidas de saúde e seguridade
- Gardar a confidencialidade sobre a información e a actividade
- Actuar de maneira coordinada, dilixente, responsable e solidaria
- Participar nas actividades formativas necesarias para desenvolver a acción voluntaria
- Respetar os dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria
- Cumprir os compromisos adquiridos coa entidade
- Rexeitar calquera contraprestación que puidera recibir pola actividade
- Facer un uso debido e responsable da súa acreditación como persoa voluntaria
- Coidar e facer bo uso dos recursos dispoñibles
- Notificar a renuncia á actividade, previo aviso, á entidade

3 DEBERES DA ENTIDADE:

- Informar ás persoas voluntarias sobre o funcionamento da entidade
- Cumprir os compromisos adquiridos no acordo realizado coa persoa voluntaria
- Subscribir unha póliza de seguro que cubra os riscos derivados da acción voluntaria
- Cubrir os gastos derivados da acción
- Información e orientación
- Formación específica sobre voluntariado
- Garantir a realización das actividades
- Facilitar acreditación á persoa voluntaria
- Expedir un certificado que acredite a condición de persoa voluntaria, remitindo unha copia ao Rexistro de Acción Voluntaria

QUE NON SE CONSIDERA ACCIÓN VOLUNTARIA

- •
Cando as actividades a realizar sexan calificadas como prácticas ou experiencias profesionais.
- •
As actividades desenvolvidas froito dunha relación laboral ou mercantil, así como calquera outra actividade que teña algunha retribución económica.





PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO DESENVOLVIDOS DENDE COGAMI

Dende COGAMI desenvólvense distintos programas de acción voluntaria, destinados ás persoas con discapacidade de cara á promover e procurar a súa inclusión social.

Os programas de voluntariado de COGAMI son de distinta índole: acompañamentos, actividades de lecer, sensibilización e concienciación, formación, etc.

A acción voluntaria aporta unha serie de beneficios, tanto directa como indirectamente, ás persoas voluntarias que participan nos programas: motivación, adquisición de valores como solidariedade, atención á diversidade, responsabilidade e compromiso, entre outros.

Por outra banda, a acción voluntaria permite a adquisición de habilidades sociais, de axuda a outras persoas, unha formación continua en voluntariado e, sobre todo, a garantía de contribuír á inclusión social das persoas con discapacidade nos distintos ámbitos da vida cotiá.



Acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade

Acompañamento dentro e fóra do domicilio

Actividades deportivas, de lecer e tempo libre: natación, saídas culturais, lúdicas, etc.

Apoio nas actividades de rehabilitación

Apoio á integración laboral

Apoio educativo

Reforzo en habilidades sociais



Sensibilización e concienciación en materia de discapacidade


Información en temas de discapacidade ao conxunto da sociedade

Atención á diversidade

Prevención en lesións medulares

Análise de barreiras arquitectónicas

Realización de charlas, xornadas e formacións nos colexios, universidades, concellos, etc.




Formación

Formación Básica, dirixida ao voluntariado de base

Formación Específica no eido das persoas con discapacidade, dirixida tanto ás persoas voluntarias como ás institucións públicas, asociacións, ONGs, etc.

COMO FACERTE VOLUNTARIA/O EN COGAMI



Para facerse voluntaria ou voluntario,
e participar de forma activa na rede de voluntariado de COGAMI,
é necesario contactar con nós para manter unha entrevista persoal,
na que se analizarán diferentes cuestións como a dispoñibilidade da persoa,
as accións de voluntariado que sexan de interese,
as expectativas da persoa que quere ser voluntaria, etc.

Santiago (Sede Central)

Rúa Modesto Brocos, 7, bloque 3
15704 Santiago de Compostela
981 574 698
correo@cogami.gal

A Coruña

Edificio A Milagrosa, Avda de Cádiz
nº1; andar 1; Local 2
15008 A Coruña
981 231 105
silcoruna@cogami.gal

Ferrol

Rúa Sánchez Calviño, 56-58
15404 Ferrol
981 325 568
silferrol@cogami.gal

Lugo

Rúa da Luz, 4 - Polígono Fingoi
27002 Lugo
982 253 332
sillugo@cogami.gal

Ourense

Rúa da Farixa, 3B, baixo (Finca Sevilla)
32005 Ourense
988 246 057
silourense@cogami.gal

Pontevedra

Rúa da Cruz Vermella, nº16, baixo
36002 Pontevedra
986 863 709
silpontevedra@cogami.gal

Vigo

Rúa Teixugueiras, nº15, baixo, Navia
36212 Vigo
986 281 893
silvigo@cogami.gal

Mos

Hospital Psiquiátrico do Rebullón
36416 Mos
986 487 925
crd.mos@cogami.gal

Silleda

Manduas - Lugar de Medelo s/n Bandeira
36570 Silleda
986 581 387
crd.silleda@cogami.gal



www.cogami.gal

Fai voluntariado!

Servizo de voluntariado
COGAMI

www.cogami.gal

